



Por un OURENSE MELLOR...PARTICIPA!!!

Catro anos de parálise absoluta na xestión do goberno municipal do PP co Alcalde Jesús Vázquez á cabeza, teñen como consecuencia que a Vella Áurea esmoreza. Esa Vella Áurea que brillou con luz propia en moitos momentos da nosa recente historia, na actualidade é unha cidade en branco e negro, na que a cidadanía precisa recuperar a ilusión, pero tamén o orgullo de ser de Ourense.

A incapacidade do Alcalde é de tal magnitude que, nin as pequenas cuestións do día a día nin os grandes temas que definen o modelo de cidade no que queremos vivir e traballar, foron resoltos na lexislatura que agora remata.

Na actualidade Ourense é unha cidade cos parques e xardíns desatendidos, as beirarrúas cun mantemento deficiente, os colectores do lixo soterrados clausurados, o plantel de policía municipais e bombeiros baixo mínimos, o río Barbaña sufrindo reiterados episodios de contaminación, a praza de abastos da Ponte pechada, o Outono fotográfico eliminado da programación cultural, a chegada do AVE sen data crible, o cámping pechado, a nosa riqueza termal sin aproveitar en todo o seu potencial, o PXOM sen entrar en vigor,.... Pero quizais o que mellor define o fracaso absoluto do actual goberno municipal é o feito de que pasará á historia como o único que, nunha lexislatura completa non foi quen de aprobar o orzamento municipal, principal ferramenta de xestión dun concello.

Ante este panorama desolador que afecta por igual tanto aos barrios máis céntricos coma aos máis periféricos e por suposto ás parroquias do rural, os partidos políticos que neste momento conforman a oposición municipal tampouco foron quen de artellar unha alternativa de goberno ao PP. Nesta situación só queda resignarse e converterse en cómplice, ou reaxir e contribuir a que Ourense esperte para, entre tod@s, construír unha cidade moderna e acolledora, social, económica e culturalmente activa, medioambientalmente sostible e onde cadaquén poida desenvolver o seu proxecto vital.

Para iso convocamos á cidadanía máis activa e dinámica de Ourense, aquela que non se resigna, a que está disposta a aportar o seu esforzo e intelixencia, a participar na PLATAFORMA CIDADÁ "OURENSE MELLOR" para, de xeito colectivo, construír un novo Ourense.

OURENSE MELLOR é unha plataforma política plural, independente, radicalmente democrática, progresista, e aberta á participación en pé de igualdade de calquera persoa, co propósito de unir a maioría social da cidade.

En definitiva, trátase de artellar un proxecto político municipal que nos permita pasar dese Ourense en branco e negro, de parálise e desilusión que nos últimos anos nos pintou co seu desgoberno o PP co Alcalde Jesús Vázquez á cabeza, a un Ourense a toda cor, que esperte emocións e sentimentos nos seus habitantes e do que tod@s nos poidamos sentir orgullosos.

Para acadar este magno obxectivo precisamos que a cidadanía ESPERTE e PARTICIPE, só así poderemos RECUPERAR OURENSE. Agora é o momento, se o deixamos, en pouco tempo, será tarde.